



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: III Xornada de formación práctica dixital (E-martes)

CONVOCATORIA: III Xornada de formación práctica dixital (E-martes)

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	6
ADMINISTRACIÓN:	AU CI	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 22/11/2019 - 08:00h ao 26/11/2019 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, á auto-xestión da aprendizaxe e á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, os E-martes teñen como finalidade proporcionar formación práctica presencial ao persoal empregado público da Administración autonómica galega e á cidadanía nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e legislativas derivadas da Administración electrónica.

DESTINATARIOS

As persoas destinatarias desta actividade son:

– O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais. No caso das empregadas e empregados públicos priorizarase a inscrición daquelas persoas solicitantes que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida.

– A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.

PROGRAMA

HORARIO: 11:00 a 14:00 h. e 16:00 a 19:00 h.

A III Xornada de formación práctica dixital (E-martes), que terá lugar o vindeiro 3 de decembro, abordará os seguintes contidos:

– Sistemas para a contratación pública: Portal contratos de Galicia. Licitación electrónica SILEX. Xestión de expedientes de contratación PLATION.

Este contido adaptarase aos dous grupos de persoas a que vai dirixida a actividade, e constará dunha introdución xurídica (común) e posterior práctica nas aulas de informática da escola.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes. A metade das prazas reservaranse para o colectivo de persoal empregado público da Administración autonómica, e dentro deste, terán prioridade as persoas con función directamente relacionadas coa materia impartida, sempre que se poidan confirmar cos datos dispoñibles ou coa documentación achegada.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos no punto 3 da convocatoria. En concreto, deberán indicar correctamente o colectivo de persoas destinatarias ao cal pertencen («Administración autonómica» para o persoal empregado público da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais ou «outros» para a cidadanía).

Co obxecto de xustificar debidamente a prioridade referida no punto 3 da resolución, respecto do persoal empregado público que realiza funcións directamente relacionadas coa materia impartida, poderase achegar a novas.egap@xunta.gal, no prazo de inscrición, a documentación acreditativa que corresponda.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 03/12/2019 a 03/12/2019

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

ELENA BARBA PAN

Manuel Rodríguez Salgado

Manuel Otero Vieites

Manuel Núñez Méndez

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 2: O día 03 de decembro de 11:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 3 (Informática): O día 03 de decembro de 11:00 a 14:00. O día 03 de decembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 4 (Informática): O día 03 de decembro de 11:00 a 14:00. O día 03 de decembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA